



A produción de forraxes propias como remedio para paliar a subida das materias primas

Neste artigo analizo a evolución do mercado a nivel mundial en relación coas materias primas que conforman as nosas forraxes e ofrezco algunhas pautas para obter silos de millo e herba de calidade e en cantidade suficientes para poder reducir o uso de concentrados e evitar expoñernos ás variacións dos prezos.

Gustavo García

Enxeñeiro agrónomo

Xefe Produto Millo e Forraxeiras Limagrain Ibérica SA

Nos últimos meses vimos unha forte subida de case todos os compoñentes que forman parte dos nosos concentrados. No que levamos de campaña, estas su-

bidas foron considerables, por riba do 30 %, tanto nos principais cereais –trigo, cebada ou millo–, como nas proteaxinosas, das cales a soia ou a colza elevaron un 50 % o prezo desde os mínimos da campaña pasada.

Esta alza que se vén producindo desde comezos de setembro nas cotizacións mundiais de cereais básicos para a fabricación de pensos, como o

millo ou a cebada, e proteaxinosas, como a soia ou a colza, xa se nota na subida do prezo nas granxas. E aínda que en xeral os fabricantes de pensos foron capaces de mitigar ata agora estes fortes incrementos por ter pechados prezos de compra de antemán, xa ninguén descarta de cara ao próximo ano que a subida poida ser bastante máis considerable.



► NO QUE LEVAMOS DE CAMPAÑA, ESTAS SUBIDAS FORON CONSIDERABLES POR RIBADO 30 %, TANTO NOS PRINCIPAIS CEREAIS COMO NAS PROTEAXINOSAS



Parece que collemos unha tormenta perfecta para que se produzan estes incrementos. China, o segundo maior produtor de millo e maior importador, reduciu desde 2015 un 10 % a superficie e produción de millo. Estes anos non se notou tanto esta redución, xa que, debido aos problemas que tiveron no país coa peste porcina, reducira considerablemente a súa cabana de porcos e con iso o consumo de materias primas, entre elas o millo. ►►

¡Abre bien los ojos!



No todos los fertilizantes nitrogenados son iguales.

Numerosos estudios de I+D han demostrado que la menor pérdida de nitrógeno se consigue con la aportación de un **equilibrio perfecto** en **nitrógeno** y **magnesio** lo que se traduce en mayor proteína y cantidad de forraje.

Fertimón ha conseguido con **NITROFERTIMÓN**, ese equilibrio a un nivel que no aporta ningún otro fertilizante.



GRUPO
SOAGA

Parque Empresarial Vilanova I
36614 Baion - Vilanova de Arousa (Pontevedra)
Tf. 986 51 60 30 - soaga@soaga.com
www.soaga.com

Gráfico 1. Importacións chinesas de millo nos últimos 10 anos



► CHINA, O SEGUNDO MAIOR PRODUTOR DE MILLO E MAIOR IMPORTADOR, REDUCIU DESDE 2015 UN 10 % A SUPERFICIE E PRODUCCIÓN DE MILLO

Gráfico 2. Importacións chinesas de millo, trigo e soia dos últimos 10 anos





Gráfico 3. Variación de importacións de millo a nivel mundial no último ano, onde se aprecia o forte incremento das importacións de China

2020/2021 Corn Imports (Change from Previous Year)



Fuente: Base de datos de producción, suministro y distribución (PSD), 9 de febrero de 2021
<http://www.fas.usda.gov/psdonline/>

Coa recuperación da súa cabana as importacións animáronse principalmente en dúas materias primas:

soia e millo, o que, unido a un nivel baixo de stock a nivel mundial, provocou un forte incremento do


prezo. Este foi o detonante final que se suma a outras circunstancias que tamén animaron á alza de prezos:

- Restriccións á exportación impostas polo Goberno de Arxentina para garantir o abastecemento interno.
- As noticias dun posible freo por parte de Rusia ás exportacións de cereais.
- Mala colleita de millo en Europa, principalmente no mar Negro.
- O último factor en incorporarse foi climático, xa que existen dúbidas acerca da próxima colleita europea de inverno de trigo e tamén na colleita sudamericana, debido a unha importante seca actual, xunto coa alta probabilidade de sufrir o efecto da borrasca *Niña* e que provoque menos choivas das habituais no sur do Brasil e Arxentina.
- A confianza na recuperación mundial, alimentada polas vacinas contra a COVID-19 e, con iso, unha reactivación do consumo.
- Á parte do tirón chinés, o que máis anima ao mercado son os fondos especulativos, que entraron a comprar en agosto, cun mercado barato e coincidindo cun evento climático en EE. UU. e non deixaron de crecer os futuros de millo. Isto é debido a que, cun prezo do

► CANDO LLE DAMOS Á VACA UN ENSILADO DE MILLO, ESTÁ A COMER UNHA PLANTA ENTEIRA E UN BO EQUILIBRIO ENTRE OS COMPOÑENTES DESTA PLANTA NO SEU CONXUNTO FARANOS GAÑAR MÁIS OU MENOS DIÑEIRO

Gráfico 4. Ratios de stock de millo a nivel mundial

3.19: STOCK-TO-USE RATIO (MAIZE)



diñeiro tan barato e coa crise sanitaria, parece que as *commodities* foron un bo lugar para investir; no verán coas materias primas bara-

tas viron unha oportunidade de gañar diñeiro ante a falta de oportunidades noutros sectores, como o petróleo ou a bolsa. ►►



LEADER

PF 1.17

ECOMODE



+ INFO





farming agrícola


Lugar Campoduro
Céltigos N.634 (Km.687)
15686 Frades - A Coruña

Confort, ergonomía, control y visibilidad en la cabina. Fresa de gran eficiencia. El canal de carga más eficiente del mercado. Tolva diseñada para una buena uniformidad de la mezcla. Disponibles con 1 y 2 sinfines, de 11 a 33 m³.

Gráficos 5 e 6. Futuros de millo nos Estados Unidos




► SE SABEMOS CALES SON AS HECTÁREAS QUE IMOS DEIXAR PARA GRAN, DEBEMOS ESCOLLER PARA ESTAS UNHA VARIEDADE CON CLARA APTITUDE GRAN: BOA MAZAROCA, BO TALO E TALLE MEDIO-BAIXO PARA EVITAR RISCOS DE ENCAMADO



Fonte: Investing.com, Bloomberg LLP, CFTC

Gráfico 7. Ventas de colleita a futuros nos EE. UU.



Vendo estas circunstancias, parece difícil que a curto prazo volvamos ter os prezos de millo. As cotizacións deberían baixar cando os fondos de investimento liberen esas posicións que colleron a longo prazo, pero non se sabe cando van vender. Por outra banda, non hai noticias que dean esperanzas de baixada de prezos, as vendas de futuros están en máximos dos últimos anos, xa está comprado case un 60 % da futura colleita dos Estados Unidos, co que calquera noticia sobre un problema na futura colleita podería disparar aínda máis os prezos. Ademais, as previsións de seca en América do Sur, afectada este ano polo fenómeno de la *Niña*, xeran máis incerteza sobre a colleita e os prezos.

Para poder reducir o efecto destas subidas de materias primas, a mellor forma é conseguir forraxes propias tanto en gran cantidade como de alta calidade. Ter silos de millo e herba de calidade asegúranos unha redución da cantidade de concentrados necesaria, polos que nos expoñemos menos ás variacións do prezo. Nos últimos anos os rendementos en millo creceron moito. O primeiro gran cambio produciuse nos anos 40, cando se pasou de usar variedades de poliniza-



El herbicida con efecto BOOST



Más rapidez de acción

Mayor espectro de malas hierbas

Aumento de la sinergia


Para más información



Juan M. Lorenzo
666 530 517



Gráficos 8 e 9. Evolución do rendemento de millo en América e en España



Fonte: USDA, FAOSTA, IBGE

Gráfico 10. Simulación na folla de cálculo Milk 2006

Milk 2006 University of Wisconsin Corn Silage Evaluation System													
Randy Shaver, Dept. of Dairy Science Joe Lauer, Dept. of Agronomy Jim Coors, Dept. of Agronomy													
Critical Data Entry Required Inputs Calculated Outputs													
Datos campo		Datos laboratorio						Producción / ha		Datos economicos		Cálculos	Cálculos
Silo	Grano procesado yes/no	Materia seca %	Proteína % Ms	FND % Ms	DFND % NDF	Almidón % Ms	Canizos % Ms	PRODUCC . KG/ha verde	PRODUC. ton ms/ha	Precio Leche €/kg	Kg Leche/ Ton. Ms ingerida	Kg Leche/ ha	€/ha
1	yes	33.5	7.0	41.0	52.0	33.0	4.3	40.000	13.40	0.32	1.545	20.706	6.626
2	yes	33.5	7.0	41.0	52.0	33.0	4.3	45.000	15.08	0.32	1.545	23.295	7.454
3	yes	33.5	7.0	41.0	52.0	33.0	4.3	50.000	16.75	0.32	1.545	25.883	8.282
4	yes	33.5	7.0	41.0	52.0	33.0	4.3	50.000	16.75	0.32	1.545	25.883	8.282
5	yes	33.5	7.0	41.0	52.0	33.0	4.3	50.000	16.75	0.32	1.545	25.883	8.282
6	yes	33.5	7.0	40.0	54.0	35.0	4.3	50.000	16.75	0.32	1.563	26.512	8.484

Destácanse en amarelo os cambios relacionados cos parámetros de produción/calidade e os resultados obtidos

ción aberta a híbridos dobres e tres liñas. A partir dos anos 60, coa introdución dos híbridos simples, o crecemento en rendemento non deixou de medrar ano tras ano.

Todas as casas de sementes fixeron un esforzo importante en buscar variedades máis produtivas, mellor adaptadas ás diferentes zonas e datas de sementeira, máis tolerantes ás enfermidades e ao estrés hídrico,

polo que sementar variedades de millo produtivas e adaptadas á zona é unha garantía de éxito para conseguir unha boa cantidade de forraxe, ou podemos esquecernos de que o rendemento, kg de materia seca/hectárea, é o factor máis importante á hora de conseguir un elevado rendemento de leite/hectárea.

O obxectivo non é só sementar os millos máis produtivos; é utilizar millos

► O QUE MÁIS ANIMA O MERCADO SON OS FONDOS ESPECULATIVOS, QUE ENTRARON A COMPRAR EN AGOSTO, CUN MERCADO BARATO E COINCIDINDO CUN EVENTO CLIMÁTICO NOS EE. UU. E NON DEIXARON DE MEDRAR OS FUTUROS DO MILLO

con alta calidade e alta eficiencia na vaca, aqueles que nos permitan optimizar toda a enerxía contida en talos e follas, buscando as variedades máis dixeribles e á vez equilibradas, para poder proporcionarlle ao gando unha ración equilibrada e económica, ao mesmo tempo que tentar reducir no posible o risco de acidose ruminal, pero sen esquecer os criterios agronómicos como o vigor de partida, a resistencia ao estrés hídrico, encamado, tolerancia a *Helminthosporium*..., que suman tanto en rendemento como en calidade. Ademais, debemos seleccionar entre os diferentes tipos de millos que presentan unha maior degradabilidade do amidón ruminal, para que as nosas vacas poidan obter toda a enerxía que o millo saca dos nosos campos.

Como a fórmula do rendemento leiteiro é cantidade x calidade, os valores que máis nos fan variar a nosa conta de resultados son a produción en materia seca/hectárea, seguido da dixeribilidade de fibras e o amidón, pero o máis importante é un equilibrio dos diferentes parámetros, xa que de pouco serve ter un millo que produza moito se a calidade é mala, ou á inversa, moita calidade, pero pouca produción; nos dous casos o rendemento económico será escaso. ►►

EL MEJOR FORRAJE PARA UNA ALTA PRODUCCIÓN DE LECHE.



Empacadora y encintadora

G-1 F125 Kombi

El picado mas corto en el mercado - 35 mm
(30 cuchillas reversibles de doble filo)

Exclusión inmediata del aire de la paca

Alto rendimiento de pacas por hora

Máxima compresión

Doble atado para malla o plástico

Ingeniería Göweil de alto nivel.

Larga vida útil de la máquina.



GÖWEIL importador España

Tel.: +34 872 204 099 | info@aro.ag

www.aro.ag

www.goeweil.com

GOWEIL



► AÍNDA QUE É NECESARIO E RECOMENDABLE TER UN STOCK DE SILO DE MILLO, CANDO ALCANZAMOS ESTA CANTIDADE ÓPTIMA, A OPORTUNIDADE DE FACER GRAN HÚMIDO OU PASTONES VÓLVESE MOI RENDIBLE PARA VALORAR O NOSO TERREO

Para avaliar os nosos silos e tamén para facer previsións e poder ver onde temos que mellorar, en que parámetros nos xogamos máis diñeiro, podemos usar follas de cálculo como a Milk 2006 (gráfico 9) da Universidade de Wisconsin. Con este tipo de ferramentas podemos sacar conclusións para orientar a elección do híbrido a sementar, data de colleita...

A gran vantaxe deste tipo de cálculos é que podemos valorar o millo no seu conxunto e non só valorando parámetros illados, como a materia seca ou o amidón, isto permítenos calcular o rendemento leiteiro tendo en conta a maior parte dos datos tanto cuantitativos (produción) como cualitativos (amidon, MS, dixestibilidade, proteína...) do millo e o bo equilibrio dos diferentes parámetros entre si. Cando lle damos á vaca un ensilado de millo, está a comer unha planta enteira e un bo equilibrio dos compoñentes desta planta no seu conxunto faranos gañar máis ou menos diñeiro.

Tamén hai que considerar outros posibles usos á parte do silo de millo. Nos últimos anos algunhas ganderías que estaban a facer gran húmido ou pastone deixaran de facelo, xa que cos baixos prezos que tiña a fariña de millo, perdera algo de interese.

Cos actuais prezos do gran, esta opción debería ser tida en conta por todas aquelas ganderías que teñan gran cantidade de millo. Aínda que é necesario e recomendable ter un stock de silo de millo, cando alcanzamos esta cantidade óptima, a oportunidade de facer gran húmido ou pastones vólvese unha op-

ción moi rendible para valorar o noso terreo.

Se sabemos cales son as hectáreas que imos deixar para gran, debemos escoller para estas unha variedade con clara aptitude gran: boa mazaroca, bo talo e talle medio-baixo para evitar riscos de encamado. Se non temos claro que superficie imos destinar para silo ou gran, debemos sementar unha variedade mixta, pero tendo en conta que debería primar a calidade de silo.

Aínda que destinemos para gran húmido ou pastone, non debemos forzar en exceso o ciclo, xa que corremos máis risco das inclemencias do tempo, con maiores dificultades para a recolección e debemos ter en conta que o gran ten que chegar a punto negro, así que en función desa data debemos escoller o ciclo do noso híbrido.

Hoxe en día temos á nosa disposición gran cantidade de empresas de servizos agrícolas que nos poden prestar este servizo, polo que tampouco temos que atrasar tanto a colleita como hai anos, cando a capacidade de colleita era máis reducida. ■